

**FORMULARIO DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO CLIENTE**  
**PERSOA FÍSICA OU COMUNIDADE DE BENS**

*En cumprimento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e F. T.*

**A. DESCRICIÓN DA OPERACIÓN:**

Operación concedida ao cliente:

	Tarxeta de crédito		Préstamo consumo
	Préstamo automoción		Leasing

Importe: ..... Euros.

**B. DATOS DO CLIENTE**

1. **Nome e apelidos:** .....  
**NIF/Tarxeta de residencia:** ..... **Nacionalidade:** .....  
**Enderezo:** ..... **Localidade:** .....  
**Teléfono:** ..... **Correo electrónico:** .....

2. **Perfil laboral:**

- Traballa por conta propia. Nome da empresa: ..... Antigüidade laboral .....
- Traballa por conta allea. Nome da empresa: ..... Antigüidade laboral .....

2.1. **Marque a casa correspondente á actividade laboral que desempeña:**

- Fabricación de armas e outros produtos militares.
- Distribución e/ou intermediación no comercio de armas e outros produtos militares.
- Casinos ou entidades de apostas.
- Servizos de pagamento ou de cambios de moeda: transmisores de diñeiro, casas de cambio ou os seus respectivos axentes.
- Importación ou exportación de material e equipos de telefonía.
- Importación ou exportación de material informático ou electrónico.
- Importación ou exportación de automóbiles, sen ser concesionario oficial.
- Comercio de xoias, pedras ou metais preciosos.
- Reciclaxe de metais.
- Obras de arte ou antigüidades.
- Actividade que leve implícito o manexo de importantes sumas de efectivo.
- Non desempeña ningunha das actividades laborais detalladas anteriormente. Neste caso, debe indicar a profesión:
- .....

2.2. **Se non ten actividade profesional nin empresarial, indique a súa situación:** .....

(Xubilado, pensionista, rendeiros, labores do fogar, estudante).

3. **Desempeña ou desempeñou nos dous anos anteriores cargos ou funcións públicas importantes (PRP), ou é familiar próximo ou achegado a persoas que desempeñen ou desempeñasen as devanditas funcións?**

En España (1):

- NON**  **SI** **Detalle:**.....

## Noutros países (2):

NON  SI

Detalle:.....

### 4. Nesta operación actúa o cliente por conta propia ou por conta de terceiros?

(Pregúntase se os fondos cos que se reembolsará a operación son do comprador ou pertencen a terceiras persoas físicas ou xurídicas que non interveñen directamente nesta).

Por conta propia  
 Por conta de terceiros      Motivo: .....

En..... o..... de..... de.....

**Sinatura do cliente:**

---

(1) Considéranse persoas con responsabilidade pública (PRP) nacional no Estado español, os parlamentarios nacionais e do Parlamento Europeo; os maxistrados do Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional, incluídos os membros equivalentes do Ministerio Fiscal; os conselleiros do Tribunal de Contas e do Banco de España; os embaixadores e encargados de negocios; o alto persoal militar das Forzas Armadas; e os directores, directores adxuntos e membros do consello de administración, ou función equivalente, dunha organización internacional, con inclusión da Unión Europea. No ámbito autonómico español, os presidentes, os conselleiros e demais membros dos Consellos de Goberno, así como os altos cargos e os deputados autonómicos. No ámbito local español, os alcaldes, concelleiros e demais altos cargos dos municipios capitais de provincia ou de capital de comunidade autónoma das entidades locais de máis de 50.000 habitantes, ou cargos de alta dirección en organizacións sindicais ou empresariais ou partidos políticos españois.

Teñen a consideración de alto cargo na Administración Xeral do Estado: os membros do Goberno e os secretarios de Estado. Os subsecretarios e asimilados; os secretarios xerais; os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e en Ceuta e Melilla; os delegados do goberno en entidades de Dereito Público; e os xefes de misión diplomática permanente, así como os xefes de representación permanente ante organizacións internacionais. Os secretarios xerais técnicos, directores xerais da Administración Xeral do Estado e asimilados. Os presidentes, os vicepresidentes, os directores xerais, os directores executivos e asimilados en entidades do sector público estatal, administrativo, fundacional ou empresarial, vinculadas ou dependentes da Administración Xeral do Estado que teñan a condición de máximos responsables e cuxo nomeamento se efectúe por decisión do Consello de Ministros ou polos seus propios órganos de goberno e, en todo caso, os presidentes e directores con rango de director xeral das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social; os presidentes e directores das axencias estatais, os presidentes e directores das autoridades portuarias e o presidente e o secretario xeral do Consello Económico e Social. O presidente, o vicepresidente e o resto dos membros do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno, o presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, o presidente, vicepresidente e os vogais do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores; o presidente, os conselleiros e o secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear, así como o presidente e os membros dos órganos reitores de calquera outro organismo regulador ou de supervisión. Os directores, directores executivos, secretarios xerais ou equivalentes dos organismos reguladores e de supervisión. Os titulares de calquera outro posto de traballo no sector público estatal, calquera que sexa a súa denominación, cuxo nomeamento se efectúe polo Consello de Ministros, con excepción daqueles que teñan a consideración de subdirectores xerais e asimilados.

(2) Considéranse persoas con responsabilidade pública (PRP) internacional: os xefes de Estado, xefes de Goberno, ministros, secretarios de Estado ou subsecretarios; os parlamentarios; os maxistrados de tribunais supremos, tribunais constitucionais ou outras altas instancias xudiciais cuxas decisións non admitan normalmente recurso, salvo en circunstancias excepcionais, con inclusión dos membros equivalentes do Ministerio Fiscal; os membros de tribunais de contas ou de consellos de bancos centrais; os embaixadores e encargados de negocios; o alto persoal militar das Forzas Armadas; e os membros dos órganos de administración, de xestión ou de supervisión de empresas de titularidade pública. Estas categorías comprenderán, se é o caso, cargos desempeñados a escala comunitaria e internacional. Ningunha destas categorías incluírá empregados públicos de niveis intermedios ou inferiores.